

FALADOIRO


ANO XIII
NÚMERO XXII



FREI MARTÍN SARMIENTO
DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2002

C.E.I.P. TORRE-CELA BUEU

SUMARIO



**O ENTROIDO.*

**CHARLA DE PRIMEIROS AUXILIOS. VISITA O I.E.S "ILLA DE ONS".*

**CIRCULARES DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN.*

**VIAXES DIVERTIDAS:*

-CONCERTO EN VIGO.

-O TREN DA LINGUA.

-EXCURSIÓN O AEROPORTO E A "PLUTON PARK".

**XOGOS TRADICIONAIS.*

**SEMANA DAS LETRAS GALEGAS:*

-FREI MARTÍN SARMIENTO.

-EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA.

-CONCERTO DIDÁCTICO DE INSTRUMENTOS POPULARES.

-O TEATRO: "CONTOS PARA TODOS".

**PREMIADOS NO CONCURSO DE DEBUXO E NARRATIVA ORGANIZADO POLA A.C. "DANZADEIRA" DE CELA.*




**PASATEMPOS.*

**PÁXINA DEPORTIVA.*


¡QUE BEN O PASAMOS!.....FIXEMOS OS NÓSOS DISFRACES DE ANIMAIS

O ENTROIDO




E. INFANTIL

RATIÑOS E RATIÑAS



1º CICLO: PINGÜÍNS

SARA 2º



2º CICLO

PEIXES

SERGIO 3º

MARI CARMEN 4º



3º CICLO

GALOS E GALIÑAS

RODRIGO 6º

CHARLA DE PRIMEIROS AUXILIOS

O venres 22 de Marzo viñeron Diego, Pablo e Silvia da Cruz Vermella de Pontevedra ó noso colexio para darnos información sobre Primeiros Auxilios ós nenos de 5º e 6º curso.

Plablo falounos de cómo limpar as feridas, Silvia das posturas que debemos poñer cando nos doe algunha parte do corpo despois dun accidente e tamén nos falou dos riscos da insolación e das picaduras.

Diego mandounos imitar un accidente de bici para saber o que debemos facer nesa situación.

Esta charla gustounos moito porque aprendemos cousas novas e sinxelas de facer. A nós gustaríanos que no cole houbera charlas sobre outros temas de interese.

ABRAHAM E IVÁN G. 6º

FOMOS DE VISITA O I.E.S ILLA DE ONS

O venres 24 de maio fomos ó instituto "Illa de Ons" con D. José, Mª José e Mariló. Alí recibíunos o director que nos ensinou tódalas aulas: a de Tecnoloxía, Plástica, Biblioteca, sala de ordenadores, o ximnasio, a cafetería, os cuarto de baño, seminarios, talleres...etc.

O que máis nos gustou foi o ximnasio, a sala de informática e os talleres.

Tamen coñecemos algúns dos mestres que imos ter para o curso que ven: Dora, Xosé Luis, Ignacio, Porto, Juan, Otilia e Charo.

O remata-lo recorrido polas aulas o director explicounos as normas do instituto e tamén nos contestou a tódalas dúbidas que tiñamos sobre as asignaturas, mestres, normas, horario, obradoiros...ect

Gustounos moito coñece-lo instituto donde vamos a estudar o curso que ven e así començar moito máis tranquilos e contentos.

IVÁN G. E RODRIGO 6º

As Caries

As Caries

A caries é a enfermidade máis frecuente nos nenos e nenas do noso país. Éste é causada por unha infección que vai progresando a través do dente e formando focos de pus, que producen complicacións locais (flemón) e incluso poden provocar enfermidades en órganos vitais do organismo. Por iso débense e pódense previr, con normas hixiénicas sinxelas.

Consellos prácticos para previr as caries:

- ✓ Dieta equilibrada, limitando o consumo de azúcar refinado, como caramelos ou chocolates, e alimentos azucarados, especialmente entre as comidas.
- ✓ Limpeza diaria: o cepillado dos dentes debe iniciarse o redor dos tres anos, debe propoñerse como un xogo e non como unha obrigaón ou castigo. Deben cepillarse os dentes despois de tódalas comidas (antes de 10 minutos) e durante 3 minutos seguidos.
- ✓ Se o neno é menor de 6 anos, é necesario axudarlle a cepillarse, pois el só non poderá facelo correctamente.
- ✓ No cepillado é de gran importancia a técnica: non deben facerse movementos horizontais, pois podemos dañar a encía e máis o dente. Debemos cepillarnos en sentido vertical.
- ✓ Limpar toda a superficie (diante, detrás e polos bordes). O cepillo ten que ser duro e pequeno, con mango longo para poder chegar a tódolos rincóns.
- ✓ É recomendable que o dentífrico conteña fluor.
- ✓ Se nalgunha ocasión non dispoñemos de cepillo, é convinte enxaugar a boca con auga ou comer unha mazá ou unha cenoria.
- ✓ Sobre os chamados "dentes de leite" (primeiros dentes) hai unha crenza popular que di que non importa que se carien ou se perdan, o que é un erro. As caries nestos dentes poden provocar: dor, descenso do apetito, problemas de masticación...

A Febre

A Febre

Consideramos febre cando a temperatura rectal é maior de 38 graos ou a axilar é maior de 37,2. A febre representa unha defensa normal do organismo ante unha infección. A maioría das febres débense a infeccións pouco importantes. Recorde que é máis importante o estado xeral do neno que a intensidade da súa febre. Pero, ¿Como podemos baixar a febre cando aumenta demasiado?

Consellos prácticos:

- ✓ O primeiro que debemos facer cando a temperatura aumenta demasiado é desabrigar ó neno. Se o tapamos con mantas o único que conseguimos é que a súa temperatura aumente aínda máis.
- ✓ Darlle líquidos frescos para beber, en pequenas e frecuentes tomas, sen forzar.
- ✓ Se coas medidas anteriores non diminúe a temperatura por debaixo de 38,5 graos deberá comezar a usar a medicación antitérmica que recete o pediatra.
- ✓ Se media hora despois do antitérmico a temperatura é superior a 39, use unha esponxa con auga tibia para mollar ó neno e conseguir que a febre descenda.
- ✓ Non lle dé fregas de alcohol.
- ✓ Unha das complicacións da febre son as convulsións febriles; éstas tan só se producen nun porcentaxe pequeno, entre os 6 meses e 6 anos. Estas convulsións ceden soas e o mellor método para evitalas é que siga os consellos previos.
- ✓ Consulte con urxencia se: ten unha febre maior a 40,5 graos, chora inconsolablemente está confuso ou delira, se tivo convulsións con anterioridade, con dificultade respiratoria, cando aparecen puntos ou manchas vermellas na pel, rixidez de nuca ou vómitos repetidos.

Enuresis

É normal que os pais se preocupe cando un dos seus fillos/as segue “mollando” a cama cando é maior para facelo. O máis importante é que nos demos conta de que non é un problema grave, senón unha situación máis frecuente do que pensamos e, que a maioría das veces, desaparece cando o neno ou nena se fai maior.

Consellos prácticos:

- ✓ NON berrar nin castiga-lo neno/a por molla-la cama; todo o contrario, hai que mostrarlle afecto, pois a el/ela non lle gusta facelo. A enuresis (facer “pis” durante o sono) é totalmente involuntaria, e non depende da vontade do neno solucionala.
- ✓ Non lle poñan cueiros para durmir, ou interpretarao como un permiso para facerse pis.
- ✓ Poñan un cubre-colchóns plastificado na cama, para evitar que o colchón se molle e se estropee. Encontraránnos en calquera comercio de roupa para o fogar.
- ✓ Deixe un pixama limpo cerca para que se poida cambiar de noite si se desperta mollado, e unha toalla para poñer sobre a sábana.
- ✓ Si se levanta mollado pola mañán, non lle berren nin lle castiguen. Si se levanta seco, díganlle o contentos que estan con este feito.
- ✓ Se ten que procurar que o neno non tome líquidos a partires da merenda, excluido o leite da noite, sen facer de isto un castigo nin que supoña para un neno un excesivo esforzo.
- ✓ Facer exercicios consistentes en levar a orinar o neno cada 10 minutos durante a hora anterior ó momento de deitarse.
- ✓ A enuresis nocturna non se corrixe nun só día, e non é un problema grave. Normalmente, resólvese coa idade, e moitas veces, ten carácter hereditario.

VIAXES DIVERTIDAS

O TREN DA LINGUA

O mércores, día 17 de abril, fixemos unha viaxe no tren da lingua. Primeiro saímos do colexio nun autobús que nos levou hasta a estación do tren de Pontevedra.

Logo, nos e outros nenos subimos o tren para viaxar a Vigo. Durante o percorrido dous pallasos fixéronnos rir moito.

Despois, o cegar á estación de Vigo, déronnos un batido e uns huesitos, tamen tivemos unha sorpresa: iun contacontos contounos un conto!.


O final voltamos para Pontevedra e déronnos unha bolsa amarela chea de agasallos.

O autobús recolleunos e regresamos.

O que máis me gustou foi:

¡A viaxe en tren!

Jorge 2º







O CONCERTO EN VIGO

No mes de abril, os nenos e nenas de 3º tivemos moita chorra.

Un día fomos cos de 4º a un concerto a Vigo. Alí actuaba unha orquesta e uns nenos representaban o que ia pasando. Foi nun teatro moi bonito que se chama García Barbón.

Diego Franco Iglesias 3º



O DÍA 21 DE MAIO OS PEQUENOS DE E.i.
FUMOS DE EXCURSIÓN Ó AERO
PORTO E PLUTON PARK VIMOS OS
AVIÓNS E DIVERTÍMONOS MOITO
NO PARQUE DE ATRACIÓNS

BELEN

XOGOS TRADICIONAIS

O pasado mércores 8 de maio celebráronse algúns xogos tradicionais no noso colexio.


Esta vez fomos nós os nenos quen xogamos e non os nosos pais e abós coma xa xogaron o ano pasado (e xogarán tamén este ano). Foi moi divertido, os xogos eran: os castelos de carozos, a carreira de sacos, os aros, a pesca, a canasta, a chave, a carreira de mazorcas e algún outro máis. Pasámolo moi ben, espero que para o ano se volvan a repetir, iforon tan divertidos...!.

Houbo un señor maior que nos axudou moito, a andar cos zancos, a facer diferentes castelos de carozos e a moitas máis cousas, o señor Manuel que é o conserxe do noso colexio tamén colaborou: por exemplo a xogar cos aros

Davinia Padín García 5º

O mércores, día 8 de maio, houbo uns xogos na escola de Cela. Os nenos e as nenas divertíronse moito, viñeron dúas mulleres, unha chámase Elena e a outra Ana, pasámolo moi ben, xogamos moito, os xogos eran antigos, pero eran igual de divertidos cos de agora.

Zaira 2º



SEMANA DAS LETRAS GALEGAS

FREI MARTIN SARMIENTO

O día 9 de Marzo do ano 1695 naceu en Villafranca do Bierzo, Pedro José García Balboa, que é o home que nós coñecemos con outro nome, o nome de: Frei Martín Sarmiento.

Ós tres meses do nacemento trasladouse a vivir a Pontevedra, onde viviu ata que foi mozo.

Fíxose fraile da orde benedictina. Estudiu filosofía e artes.

Máis tarde trasladouse a Salamanca onde estudiu teoloxía na súa universidade.

Nesta época cambiou o seu nome polo de Frei Martín e o apelido Sarmiento, o da súa nai.

Estivo en gran cantidade de conventos e mosteiros e recorreu moitos pobos.

Escribiu: "Memorias para a historia da poesía", "Poetas españois".

Escribiu en lingua galega "Coloquio de 24 galegos rústicos", "Catálogo de voces vulgares" e "Catálogo de voces e frases da lingua galega".

Máis adiante escribiu "Educación da xuventude".

O 7 de Decembro do ano 1772 morre de morte natural.



F. Martín Sarmiento

C.E.I.P. TORRE CELA

Alumno: Sarai Gómez Juncal
6º de Primaria


EXPOSICIÓN DE FOTOS

ANTIGAS

O outro día funa ve-la exposición de fotografías que hai no noso colexio. A foto máis antiga que atopei foi do ano 1903. Chamoume a atención que antes nas vodas o noivo e a noiva ían vestidos cos traxes negros, non coma agora que a noiva con vestidos brancos ou de cor crema e o noivo cun traxe de cor azul escuro, negro ou gris.

Nesa exposición había máis de 200 fotografías. Miramos o concello de Bueu fai moitos anos e maila alameda; fotos de bodas e comunións . Unha profesora con moitos alumnos.

Tamén había campos de fútbol, muiños antigos e vestidos dos que antes eran a moda. Parellas de anciáns no seu chouso, outros sentados en mecedoras con tódolos seus fillos o arredor deles.



Alejandro Gallego Castro 5º

O CONCERTO

O luns, día trece de Maio, celebrouse no noso colexio un concerto de música galega. Realizaronno un mozo e unha moza, Pablo e Magoia, ámbolos dous mestres de música.

Ensináronnos moitos instrumentos tradicionais: a gaita, o charrasco, o asubío, as tarrañolas, os pitos, o bombo, o pandeiro, a zanfona ... e moitos máis.

Mentres que a moza tocaba cancións coa gaita o mozo íanos presentando distintos instrumentos de percusión , acompañando a melodía que ela interpretaba.

Foi un concerto moi bonito e divertido, o final íamos cantar unha canción peron nos deu tempo.


Davinia Padín 5º

TEATRO NO COLEXIO


Para celebra-lo día das letras galegas representouse no colexio unha obra de teatro. Foi moi divertida un contacontos íanos ensinando a máxia dos libros. Para que esta funcionase existía un truco nos tiñamos que estar calados, pero entre conto e conto tódolos rapaces interviñan animados por unha especie de bufón.

O contacontos recordounos a importancia que teñen os libros , que tódolos nenos deberían ler moitos porque fan voar a nosa imaxinación.

PREMIADOS CONCURSO DANZADEIRA




Alba Lobeira 3 anos
C.E.I.P. Torre-Cela



Carmen Graña 4 anos



Aida Carballo 5 anos
C.E.I.P. Torre-Cela



Martín Cabaleiro 1º Primaria
C.E.I.P. Torre-Cela



Daniel Núñez 2º Primaria
C.E.I.P. Torre-Cela

O MAR

O mar para min é unha cousa moi importante. Alí viven peixes, polbos, raias, tiburóns e demais animais.

Imaxinádevos un mundo sen mar: algúns deportistas non poderían facer esquí acuático, windsurf, etc.; non se podería vivir nin comer. Nin tan sequera os gatos poderían comer nin unha espiña, teríamos que comer carne tódolos días e os da lonxa non terían cartos; ó mellor non habería auga nin para bañarse.

A ver, explicádeme: ¿cómo viviríamos sen árbores ou sen auga?.

Yoel Parada Santos 3º Primaria
C.E.I.P. Torre-Cela

O MAR

Había no noso pobo un vello mariñeiro que sempre nos contaba cousa do mar. Contábanos que el empezou a ir ó mar cando era aínda un neno. Daquela ía en barcos pequenos á pesca de baixura, saían a faenar pola noite e regresaban ó porto pola mañá para levar o peixe a vender na lonxa.

Pasados uns anos embarcou en barcos de altura donde recorreu cáseque todo o mundo. En ocasións atopouse con grandes temporais, onde a súa vida estivo moitas veces en perigo.

Ás veces o temporal era tan grande que o barco no cal traballaba naufragou. Pasou moito medo, pero como el dicía nunca o puido deixar xa que tiña muller e fillos ós que manter, e non sabía facer outra cousa. Pero sobre todo, o mar gustáballe.

Co pasar dos anos, cando xa estaba xubilado non había día que puidese pasar sen saír a pescar na súa pequena barca.

Un bo día, coma sempre, saíu a pescar, pero de súpeto levantouse unha gran treboada. Nunca mais se supo do vello, alí quedou para sempre no mar ó que tanto quería.

Nome: ANDREA MALVIDO FARIÑA

Curso: 4º de primaria

CEIP Torre - Cela

O MAR O MAR

O mar, o incesante manancial de auga
que traga sen saber o que é, quen é,
ou que poderá ser despois ese pozo longo
e profundo que nunca chega ó final,
onde tantos barcos, botes e ata homes
padecen sen fin.

No fondo do mar quedan os restos,
os grandes secretos quedan enterrados
nese maldito e doce mar,
pode con todo e con moito máis.

O azul do ceo
resplandece no azulado mar,
as súas algas son flores,
as ondas levan e traen
as mensaxes que ten oculto
ese grandioso manancial de auga,
que tranquilo e que fermoso
a veces está.

Cando as súas ondas se enfadan
é tan grande o enfado
que cando miras para el, produce
angustia, pena, desconfío
e a dozura que el tiña
queda nun pequeno olvido
porque o mar,
nunca está tranquilo.

Nome: CAPLA, SANTIAGO

O MAR

Nun pobo pesqueiro vivía un rapaz chamado Xosé, a pesar de que vivía nun porto pesqueiro non lle gustaba o mar.

A Xosé non lle gustaba o mar, porque cando era máis pequeno perdeu o seu pai nel, e nunca o voltou a ver, dende aquela bótalle sempre a culpa de todo o que lle pasa o mar porque non está o seu pai.

Xosé dende a súa casa mira sempre o mar e berra con él porque lle levou o seu pai e preguntalle onde está, e suplicalle que llo devolva .

Unha noite mentres Xosé miraba o mar apareceuselle o pai nunha roca onde rompía o mar. Xosé quería ir ata alá pero tiñalle medo.

Xosé chamou a súa nai, pero cando se deu a volta o pai xa non estaba alí Xosé díxolle unha e outra vez a súa nai que vira o seu pai, pero a súa nai mirábao con ollos de pensar que o seu fillo estaba toleando pola perda do seu pai e se Xosé seguía así pensaría en levalo o psiquiatra.

Para que a súa nai non pensase que estaba tolo Xosé pasouse toda a noite mirando hacia o mar ata voltar a mirar o seu pai, ieh mirouno! Xosé voltouse a correr cara él e non o podía creer, lo seu pai seguía vivo!, a Xosé case lle da mal e a súa nai tamén. Dende aquela Xosé mirou o mar con outros ollos, pero seguía téndolle respecto, porque hai que terllo.

Arantxa Novas Entenza 6º Primaria
C.E.I.P. Torre-Cela

CHISTES



-Oe, ¿ti de onde es?
-Eu, de Madeira.
-¡Eh!, ¡Como Pinocho!


-Meu tío morreu de cataratas.
-¿Operáronno?
-Non, empurraronno.

-¿En que traballa teu pai?
-Está gravando en Madrid.
-¿É músico?
-Non, traballa botando grava na Gran Vía.

-Gustaríame vivir nunha illa deserta.
-¡A min tamén!.
-¡Sí!, ¡xa empezamos a enchela!.

LERIAS E ENREDOS

Escribe o nome que representan os debuxos:



A ¿Que é? _____

D

I

V

I

Ñ

A

Teño follas e non son árbore,
fáloche e non teño voz.
Se me abres, non me queixo,
adiviña ti quen son.

A ¿Que é? _____

D

I

V


I

Ñ

A


Estou no mar e non me mollo,
estou no lazo e non me ato,
estou no aire e non caio,
estou na igrexa e non son santo.

XEROGLÍFICO: ¿Con quen vai no coche?



Solución _____

XEROGLÍFICO: ¿Con que chaman a xente?



Solución _____



FÚTBOL

Campionatos internos



FASE FINAL

CONGUITOS
SOUTHPARK
LACASITOS
SIMPSON

SEMIFINAIS

LACASITOS	1
SOUTHPARK	6

SIMPSON	1
CONGUITOS	3

FINAL DE CONSOLACIÓN

SIMPSON	1	LACASITOS	2
---------	---	-----------	---

FINAL ABSOLUTA

CONGUITOS	5	SOUTHPARK	4
-----------	---	-----------	---



Gañador do Campionato

CONGUITOS

Máximo goleador da Liga

Adrián Estévez Pastoriza

TENIS DE MESA

Finalistas

Iván Vilas
Roberto Blanco
Carla Santomé
Cristian Moares

Raquel Estevez
Yésica Dios
Quique Villanueva
Gonzalo Villanueva

